

# ACTA DA ASAMBLEA CONSTITUINTE DA CONFEDERACIÓN DE ORGANIZACIONS DE PSICOPEDAGOXÍA E ORIENTACIÓN DE ESPAÑA (C.O.P.O.E.)

A Asamblea celebrase en Madrid, nunha Sala de Reunións do Pavillón nº 10 do IFEMA, no marco de AULA, ás 11.00 horas do sábado 12 de marzo de 2005.

## Participantes:

José Luis Soler Nages y Juan Antonio Planas Domingo

*(Asociación Aragonesa de Psicopedagogía AAP)*

Jesús Sánchez Felipe, Pedro Carlos Almodóvar Garrido Fidel Jerónimo

y Emilio Ojalvo *(Asociación Profesional de Orientadores en Castilla La Mancha APOCLAM)*

Celedonio Salguero y José Antonio Moreno

*(Asociación Profesional de Orientadores en Extremadura APOEX)*

Pilar Alonso y José Julio Fuentes López

*(Asociación Castellano Leonesa de Psicología y Pedagogía ACLPP)*

Fermín Izquierdo y Charo Centeno

*(Asociación Profesional de Orientadores de La Rioja APOLAR)*

Ernesto Gutiérrez-Crespo

*(Asociación de Psicopedagogía de Euskadi APSIDE)*

Jesús Alquezár y Antonia Lucía Suárez Rodríguez

*(Asociación de Psicopedagogía de la Universitat Oberta de Catalunya APUOC)*

Elvira Repetto Talavera y María Dolores Cadierno Alonso

*(Asociación Española de Orientación y Psicopedagogía AEOP)*

José A. Benavent Oltra

*(Asociación Valenciana de Orientación y Psicopedagogía AVOP)*

Ana Torres Jack y Gema Castro Pico

*(Asociación Profesional de Orientadores Educativos de Galicia APOEGAL)*

José Martín Toscano y Antonio Gutiérrez Gay

*(Asociación Profesional de Orientadores de Andalucía APOAN)*

Clara Isabel Morales Rodríguez

*(Sección de Pedagogía y Psicopedagogía del Cº de Doctores y Licenciados de Granada, Jaen y Almería SEPEPSI)*

Alejandro Fco. Álamo Suárez

*(Asociación Canaria de Orientación y Psicopedagogía ACOP)*

Consuelo Vélaz de Medrano

*(Asociación Madrileña de Orientación y Psicopedagogía AMOP)*

## Orden do día:

- Presentación dos representantes das diversas entidades fundadoras do COPOE.
- Enumeración das actas de adhesión das organizacións fundadoras do COPOE.
- Aprobación e firma dos estatutos.
- Aprobación do Regulamento de funcionamento.
- Distribución de responsabilidades entre os membros da Xunta Directiva.
- Roda de prensa
- Aprobación do logotipo do COPOE.
- Proposta de convenio có MEC.
- Presentación do *II Encuentro de Orientadores de Mérida*.
- Rogos e preguntas.

## PUNTO 1

Ábrese a sesión presentando os membros de cada unha das asociacións fundadoras do COPOE representadas.

## PUNTO 2

Juan Antonio Planas enumera as actas de adhesión das organizacións fundadoras do COPOE, en total 17:

- Asociación Aragonesa de Psicopedagogía (AAP)
- Asociación del Profesorado de Psicología y Pedagogía de la región de Murcia
- Associació D'Orientadors I ORIENTADORES de les Illes Balears (AOIB)
- Asociación Profesional de Orientación Educativa de Galicia (APOEGAL)
- Asociación Profesional de Orientadores en Andalucía (APOAN)
- Asociación Profesional de Orientadores en Extremadura (APOEX)
- Asociación Valenciana de Orientación y Psicopedagogía (AVOP)
- Sección de Pedagogía y Psicopedagogía del Colegio Oficial de Doctores y Licenciados en Filosofía y Letras y en Ciencias de Granada, Jaén y Almería (SEPEPSI)
- Asociación de Profesionales de la Orientación de La Rioja (APOLAR)
- Asociación de Psicopedagogía de la Universitat Oberta de Catalunya (APUOC)
- Asociación Profesional de Orientadores en Castilla La Mancha (APOCLAM)
- Asociación Española de Orientación y Psicopedagogía (AEOP)
- Asociación de Orientadores de Educación Secundaria de Granada (ASOSGRA)
- Asociación de Psicopedagogía de Euskadi (APSIDE)
- Asociación Castellano Leonesa de Psicología y Pedagogía (ACLPP)
- Asociación Canaria de Orientación y Psicopedagogía (ACOP)
- Asociación Madrileña de Orientación y Psicopedagogía (AMOP)

Están presentes 14 representantes destas organizacións e as tres restantes otorgan poderes para a firma do acta fundacional e dos Estatutos.

## PUNTO 3

**Aprobación e firma dos Estatutos.** Tras acepta-la modificación do enunciado do artigo 6 “Todos os cargos” por “**Ninguno dos cargos**”, procedese a realizar a votación dos Estatutos: aprobanse por unanimidade. Toda-las asociacións representadas rubrican os documentos.

## PUNTO 4

**Aprobación do Regulamento de Funcionamento.** Incorporanse as seguintes modificacións:

- **Artigo 2:** **Eliminanse** os puntos 2.2, 2.3 e 2.4.
- **Artigo 6:** Inclúese “As Organizacións Confederadas deberán contar **cun mínimo de 20 socios**”.
- **Artigo 6.1,** Queda redactado como segue: “polos seus primeiros 100 socios **ou fracción...** e 100 socios ou fracción”.
- **Artigo 6.2:** “a recibir as **publicacións oficiais** da confederación” (eliminando “e as demais publicacións por ela patrocinadas”).
- **Artigo 6.3:** “e **á** anual que se haxa establecido pola Asamblea Xeneral”.
- **Artigo 7:** “O trámite para dar de baixa **ou cese** á Organización...”
- **Artigo 9:** “O Presidente, **un dos Vicepresidentes**, o Secretario...”.
- **Artigo 7:** Engadese no apartado f): “**No caso de baixa, a organización presentará solicitude por escrito á Xunta Directiva**”.

- **Artigo 6.4:** Sústitúese: “unidade territorial” por “**ámbito de actuación**”.
- **Artigo 13:** No punto 6 queda definido como “**Orientación e Formación nas Organizacións**”, e inclúese coma punto nº 5 o de “**Orientación Persoal**” de maneira que quedan 20 apartados. Neste mesmo artigo 13 engadese a seguinte aclaración: “**En función das necesidades podese unir ou, pola contra, compartir estas áreas de responsabilidade. Por exemplo, os puntos 12/16, 13/17, 14/15 o 18/19.**”

O Regulamento de Funcionamento aprobase por unanimidade.

## PUNTO 5

En canto á distribución de responsabilidades da Xunta Directiva, entrase nun debate entre os representantes das distintas asociacións, polo que finalmente se acorda:

Non se contempla a posibilidade de ter vocalía pero sen asumir ningunha área de responsabilidade. En todo caso, se algunha asociación non asume ningunha, quedará á disposición da Xunta Directiva para asignarlle-la función que se considere necesaria.

A Asociación Aragonesa de Psicopedagogía acepta ostentar tanto a Presidencia como a Secretaría. José Luis Soler fai a cautela de que aínda que sexa o representante desta organización na COPOE , considera preferible que a Secretaría a exerza outra persona.

A Xunta Directiva queda distribuída coma segue:

- Presidencia e Secretaría: AAP
- Vicepresidencia 1ª e Vocalía de Materiais e Recursos: APOCLAM
- Vicepresidencia 2ª e Vocalía de Atención á Diversidade: ACLPP
- Vocalía de Medios de Comunicación: APOEGAL
- Tesourería: APOLAR
- Vocalía de Formación e Novas Tecnoloxías e Vocalía de Innovación: APOEX y APOA.
- Vocalía de Convergencia Europea, Relacións Internacionais e Tramitacións: AEOP.
- Vocalía de Orientación e Formación das Organizacións: APUOC
- Vocalía de Formación Profesional: APSIDE
- Vocalía de Publicacións: AVOP
- Vocalía de Lexislación e Subvencións: O Colexio de Doctores e Licenciados de Granada
- Vocalía de Relacións Institucionais: AMOP
- Vocalía de Orientación personal, familiar e comunitaria e Vocalía de Orientación Educativa e Tutorial: ACOP y Murcia.
- Vocalía de Diagnóstico: AIOB

En principio, as persoas que representan a cada unha destas organizacións as determinan elas mesmas según aparecen nas actas de adhesión ou en posteriores documentos.

## PUNTO 6

A Roda de Prensa non se celebra ante a ausencia de periodistas polo que se continúa co seguinte punto do orden do día.

## PUNTO 7

Con relación ó logotipo do COPOE, que aínda non está definido, J.A. Moreno propón tomar algo de tempo para esa elección xa que non é un tema urxente, e é algo que pode decidirse a través da ferramenta de traballo virtual que xa se está utilizando.

## PUNTO 8

Acordase por unanimidade plantexar de entrada unha cuota inicial de 50 euros por organización.

## PUNTO 9

Aprobase por unanimidade a proposta de Convenio có MEC, que se lle entrega á vocal de relacións institucionais para a súa tramitación.

## PUNTO 10

Representantes de APOEX presentan o *II Encuentro de Orientadores en Mérida*, no mes de Decembro, ó cal invitan a participar a todo-los alí presentes e a aportar ideas y suxerencias.

## PUNTO 11

Rogos e Preguntas.

-A Asociación Madrileña de Orientación y Psicopedagogía, AMOP, quere facer constar na acta que a súa organización firma o acta fundacional do COPOE e asume a Vocalía de Relacións Institucionais de maneira condicionada á ratificación da Asamblea á adhesión á COPOE, que de momento só está acordada pola Xunta Directiva.

-A Asociación de Psicopedagogía de la Universitat Oberta de Catalunya, APUOC, encontrase na mesma situación, polo que firma o acta fundacional do COPOE e asume a Vocalía de Orientación e Formación das Organizacións de maneira condicionada á espera de que a decisión sexa ratificada pola súa organización en Asamblea Xeneral.

-Elvira Repetto quere facer constar no acta que a antiga delegación andaluza da AEOP está en trámites para fundarse coma *Asociación Andaluza de Orientación Educativa*, pero que, por problemas burocráticos (de denominación da asociación) non ha podido estar presente a pesar da súa vontade de adherirse á COPOE.

-AMOP solicita que, xa que eles van a asumir a vocalía de Relacións Institucionais, os comunicados de prensa lles sexan enviados. Acordase que os comunicados de prensa deben pasar pola Comisión Permanente, que é a que debe dar a súa aprobación. Neste respecto, Moreno propón que se envíen ditos comunicados a través da ferramenta virtual, que é aceptado.

- Pola súa parte, José Luis Soler recorda que todo o que salga ós medios ten que ser a través da COPOE, debidamente revisado pola Xunta Directiva, e que en ningún caso as asociacións poderán facer comunicados unilateralmente que impliquen á Confederación.

-APOCLAM encargase de fundir todas las direcciones de correo electrónico e postal dos representantes do COPOE co fin de facilitar o traballo virtual.

- Moreno de APOEX informa de que cada asociación poderá ter 1 ó 2 comunidades para o que lles interese, por exemplo unha para a Xunta Directiva e outra para cualquier grupo de traballo. Únicamente terá que haber un administrador de cada unha das comunidades que se encargue da súa coordinación.

Sen outros asuntos que tratar, levantase a sesión ás 17.30 horas.

En Madrid, a 12 de marzo de 2005

A Secretaria da Asamblea  
Ana Torres Jack